

Resolución do 30 de xullo de 2020, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para ingresar por quenda libre nunha praza do corpo superior do Parlamento de Galicia

Nas sesións que tiveron lugar os días 7 e 30 de xullo de 2020, o tribunal nomeado por Resolución da Presidencia, do 23 de outubro de 2019 (BOPG número 553, do 24 de outubro de 2019), para cualificar o proceso selectivo para ingresar por quenda libre nunha praza do corpo superior do Parlamento de Galicia.

ACORDOU:

Primeiro. Que, de conformidade coa base 6.1.3 da convocatoria, superaron o terceiro exercicio do proceso selectivo as 5 persoas aspirantes que obtiveron unha puntuación mínima de nove (9) puntos.

Segundo. Declarar a todas as persoas aspirantes que superaron o terceiro exercicio exentas da realización do cuarto exercicio por teren presentado a documentación xustificativa sinalada na base 6.1.4 da convocatoria

Segundo. Publicar, de acordo coa base sétima da convocatoria, no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na páxina web da Institución as cualificacións obtidas polas 5 persoas aspirantes que superaron os tres exercicios, realizados respectivamente o 16 de decembro de 2019, o 13 de marzo de 2020 e o 25 de xuño de 2020, coa puntuación total, suma das puntuacións dos tres exercicios, que se reflícten no seguinte cadro:

CUALIFICACIÓN FINAL DA OPOSICIÓN

Persoa aspirante	1º exercicio	2º exercicio	3º exercicio	Total
David González Alonso	28,90	21,51	11,23	61,64
Natalia Noya Corbelle	24,90	21,02	14,52	60,44
Ainhara Maite Orodea Piñeiro	20,70	22,35	13,31	56,36
David Martín Utrera Iglesias	19,30	18,75	13,10	51,15
Sergio Lueiro Busto	18,60	19,62	12,39	50,61

Terceiro. Declarar que, de acordo coas bases da convocatoria, só superou o proceso selectivo a persoa que acadou a maior puntuación: **David González Alonso**

Cuarto. Propoñerlle á Mesa do Parlamento de Galicia a finalización e aprobación do proceso selectivo e o ingreso de David González Alonso no corpo superior do Parlamento de Galicia, como persoal funcionario de carreira.

Quinto. Segundo a base décima da convocatoria, o resto das persoas aspirantes incluídas no cadro da cualificación final da oposición, que non superaron o proceso selectivo, pasarán a formar parte dunha lista de espera que se constituirá no Parlamento de Galicia para cubrir as necesidades



eventuais de persoal que puideren xurdir, en condición de persoal funcionario interino vinculado ao mantemento das circunstancias polas que son nomeadas.

Sexto. Conceder, en cumprimento da base 9.4 da convocatoria, un prazo de dez días, contados desde o día seguinte á data de publicación desta resolución no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, para que as persoas aspirantes fagan as alegacións que xulguen oportunas.

Santiago de Compostela, 5 de agosto de 2020

A Presidenta do Tribunal